



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Servizos Económicos e Tributarios

Exposición pública do acordo de delegación do IIVTNU

ANUNCIO

Aprobación provisional da delegación na Deputación da Coruña das competencias de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

O Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2025, adoptou o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva di:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña as seguintes competencias:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro. O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

SEGUNDO.-Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios.

Fene, 12 de febreiro de 2025

O alcalde,

Asdo: Juventino Trigo Rey

2025/968